



ACUDE A MANIFESTACION A FAVOR DO ABORTO LIBRE E GRATUITO

DOMINGO 15 AS 12 NA ALAMEDA DE SANTIAGO

CONVOCA: COORDINADORA DE ORGANIZACIONS FEMINISTAS GALEGAS

APOIAN: SECRETARIA DA MULLER DE CCOO

CCOO (Comisións Obreiras)

SGTE (Sindicato Galego de Traballadores do Ensino)

CGS (Consello Galego da Saúde)

CXTG (Confederación Xeral de Traballadores Galegos)

LCR (Liga Comunista Revolucionaria)

MCG (Movimiento Comunista de Galiza)

PCG (Partido Comunista de Galicia)

PSG-EG (Partido Socialista de Galicia - Esquerda Galega)

PST (Partido Socialista dos Traballadores)

¡AS MULLERES DECIDIMOS!

As mulleres que desde hai xa longo tempo vimos solicitando e loitando por unha información sexual ampla y asequible a todos os sectores da poboación a fin de evitar embarazos non desexados constatamos que, na actual situación aquela vella consigna do Movemento Feminista "Anti-conceptivos para non abortar, aborto libre para non morrer" segue sendo necesaria, porque:

- Hai profesoras/es de Ensino Medio aos que se lles seguen abrindo expedientes por dar charlas de información sexual. E outras/os aos que se lles prohibe orgaizar estas charlas.
- De 13 Centros de Planificación Familiar que existían en Galicia en 1985 só 11 quedan xa en funcionamento. E ademais por depender os máis deles da Seguridade Social só poden acudir as aseguradas, deixando así a miles de mulleres sen asistencia.
- Nos medios de comunicación social non existen programas de información.

Toda esta falla de información sexual sobre medidas anticonceptivas, ou ás veces o fallo das mesmas leva a embarazos non desexados e ao aborto. Segundo unha mostra estadística de 350 mulleres galegas que abortaron en 1985 só 14, o 4%, foron abortos legais, o 96% restante tivo que abortar na ilegalidade, en clínicas privadas do Estado Español, o 24%, ou no extranxeiro.

Por todo isto:

1. ESIXIMOS o dereito ao aborto libre, gratuito e a decisión única da muller, en boas condicións sanitarias e realizados pola rede sanitaria pública.
2. DENUNCIAMOS unha vez máis a política do Goberno PSOE que coa súa vergonzante despenalización continúa mantendo o aborto como un delito. Ademais de non crear normativas sanitarias adecuadas, impedindo a realización de abortos incluso nos pouquísimos casos en que estaría despenalizado.
3. REITERAMOS o noso compromiso e o noso apoio á campaña iniciada polo Movemento Feminista na Loita por impoñer na practica este dereito, na vía comenzada nas Xornadas Feministas de Barcelona, realizando abortos polo método de aspiración como o xeito máis claro e directo de denunciar a situación creada por esta lei de despenalización.
4. CHAMAMOS a todas as mulleres e o conxunto da poboación a participar e colaborar nesta campaña e en todas as accións que o Movemento Feminista realice neste senso.